




32/0003350/09

Registro Entrada

Fecha: 29/10/2009

Hora: 11:48:08



Confederación Intersindical Galega

Á INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL DE OURENSE

Anxo Pérez Carballo, titular do documento de identidade nº 34.937.131 Q, en representación da **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**, con domicilio a efectos de notificación en Ourense, Parque de San Lázaro nº 12-4º, ante a Inspección de Trabajo e Seguridade Social comparezo e, como mellor proceda, **DIGO:**

Que mediante este escrito veño formular **denuncia, en materia de prevención de riscos laborais**, contra a **Consellería do Medio Rural, Xefatura Territorial en Ourense**, con domicilio en Florentino Cuevillas nº 4 e 6 da nosa cidade.

A denuncia susténtase nos seguintes **antecedentes:**

1. A Consellería do Medio Rural conta no seu organigrama con cinco distritos forestais, adscritos ao Servizo de Montes e Industrias Forestais e ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios forestais.
2. Tamén conta con cinco distritos ambientais do Servizo de Conservación da Natureza.
3. Estes distritos forman parte dos denominados Servizos Periféricos da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.
4. Os distritos están localizados como segue:
 - Distrito XI Ribeiro-Arenteiro (forestal e ambiental), Estrada O Carballiño-Cea (OU 204) km 4. O Carballiño.

- Distrito Forestal XII Miño Arnoia, Avenida da Habana 79-5º. Ourense.
 - Distrito Ambiental XII Miño Arnoia, Progreso 44. Ourense
 - Distrito XIII Valdeorras – Trives (forestal e ambiental). Casa Grande de Viloira. O Barco de Valdeorras.
 - Distrito XIV Verín – Viana (forestal e ambiental). Rosalía de Castro 63 – 1º. Verín.
 - Distrito XV A Limia (forestal e ambiental). Prolongación Irmáns Martínez 4-6. Bande.
5. Cada distrito ten, segundo os casos, diferentes centros comarcais.
6. En cada un dos diferentes distritos, e en cada un dos centros comarcais, traballan funcionarios de diferentes escalas e grupos.
7. Todo este persoal, agás o que ocupa posto con funcións exclusivamente administrativas, teñen que realizar unha parte moi importante das súas funcións e cometidos fora das oficinas de referencia do respectivo distrito ou centro comarcal. Estámonos a referir aos postos de traballo de axente, axente territorial, axente zonal, xefes de distrito e técnicos de distrito
8. As funcións que deben desempeñar estas persoas son, entre outras:
- Dirección e extinción de incendios forestais.
 - Toma de mostras de verquidos contaminantes en ríos e regatos.
 - Recollida de aves no protocolo da gripe aviaria.
 - Recollida de animais salvaxes, enfermos, feridos, envelenados ou mortos.
 - Autopsia de gando posíbel vítima de ataques do lobo.
 - Vixilancia e control das actividades cinexéticas e piscícolas.
 - Inspección e control de obras realizadas en zonas de protección ambiental.
 - Control de vertedoiros e análise do tipo de residuos.
 - Actuación no caso de emerxencias ambientais (verquidos masivos, emerxencias climatolóxicas...)
 - Vixilancia e policía das actuacións que poden causar dano ao medio ambiente.
 - Denuncia e informe de todas as actuacións realizadas como corresponde ao carácter de axente da autoridade e policía xudicial, no seu caso.

9. O número de persoas, do corpo de funcionarios, pertencente ás escalas e postos antes relacionados ascende a 40 axentes nos distritos ambientais, e 99 axentes mais 24 técnicos nos distritos forestais. Máis de 160 funcionarios e funcionarias.

Tendo en conta o anterior, baseamos a denuncia nos seguintes **MOTIVOS**:

Único.- A Consellería do Medio Rural non ten realizada a avaliación de riscos de todo o persoal descrito nos apartados anteriores, no que se refire ás funcións que desenvolven no exterior das oficinas de referencia, sexan distrito ou sexan centros comarcais. En moitos casos a xornada laboral desenvólvese integramente realizando traballos de campo.

Dada a enorme variedade e complexidade dos traballos propios deste persoal, e en función precisamente destas tarefas, están expostos a riscos en materia de seguridade, a riscos hixiénicos (físicos, químicos e biolóxicos) e aos propios do deseño do posto de traballo (vehículos, por exemplo).

Unicamente están realizadas as avaliacións das oficinas, administrativas, nas que só permanecen aqueles funcionarios que fan esas funcións administrativas; xustamente o colectivo menos numeroso.

A avaliación só é de lugares fixos de traballo, non de postos de traballo.

A falla de avaliación está considerada como falta grave na Lei de Infraccións e Sancións na Orde Social.

En base ao exposto, desa Inspección de Traballo e Seguridade Social, **SOLICITO**:

Que unha vez comprobados os feitos denunciados, proceda a requirir da Consellería do Medio Rural a realización das Avaliacións de Riscos dos postos de traballo adscritos aos cinco distritos forestais e ambientais antes sinalados, no tocante ás funcións e cometidos profesionais que realizan fora das oficinas dos distritos e centros comarcais.

Estamos á súa disposición para ampliarlle a información que necesiten.

En Ourense, a 28 de outubro de 2009.

